

CONCELLO
DE VIGO



11 Festival de Jazz de Vigo

IMAXINASONS

26 xuño / 4 xullo 2015

DOSSIER



www.imaxinasons.com

www.vigocultura.org



Ataquilla.com
902 504 500

Vivimos nunha cidade fermosa



ORGANIZA

Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo
Praza do Rei, 1-36202 VIGO
Tel. 986.810.246; fax. 986.810.138; correo: ofi.areacultural@vigo.org

Alcalde en funcións
Abel Caballero Álvarez

Concelleiro en funcións da Área de Cultura, Festas e Museos
Cayetano Rodríguez Escudero

Xestión e coordinación xeral
Jesús López Moure
Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural

Dirección artística
Nani García

INFORMACIÓN XERAL

www.imaxinasons.com
www.vigocultura.org
Servizo de Atención Cidadá: 010 (dende móbil ou fóra de Vigo 986.810.260)
Horario: de 08.00 a 20.00 h. de luns a venres, de 10.00 a 14.00h. os sábados

MODALIDADE DE ACCESO AOS CONCERTOS

Venda anticipada a partir do 15 de xuño
www.ataquilla.com / 902 504 500

Concertos de pagamento

- Salón de actos do MARCO: 3 € + gastos de xestión
- Auditorio Municipal do Concello: 5 € + gastos de xestión

Venda de entradas no mesmo día dos concertos

Nos despachos de billetes da sala do concerto desde unha hora antes do seu comezo

Entrada Libre até completar aforo:

Rúa Londres

Inscripción nas actividades da Academia de Sons

A partir do 22 de xuño no Servizo de Atención Cidadá 010

En caso de inclemencias metereolóxicas, a organización poderá decidir o traslado dos concertos da rúa Londres.



ÍNDICE

Presentación	3
Programa	5
Fichas de artistas	
Maria Joao. Ogre	6
Carlos López Quinteto. Letters From København.	7
L.A.R. Legido	8
Gil Dionísio	9
Eli Gras	10
Ohad Talmor Trio	11
Miguel Lamas Cuarteto.	12
Marc Ribot. Ceramic Dog.	13
ChUPACONChA	14
Orquestra de Jazz de Galicia.	15
Telmo Fernández e Marcos Pin. Duology	16
Jazz fóra de lugar + Jazz na noite	17
Academia de Sons	18





11º FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO IMAXINA SONS 2015 PRESENTACIÓN

Despois da celebración dos seus primeiros dez anos en 2014, o Festival de Jazz de Vigo *Imaxina Sons* volve en 2015 con nove días de jazz na cidade. A décimo primeira edición desta cita musical **arranxará o 26 de xuño** levando a música en directo a diferentes espazos e recunchos de Vigo. *Imaxina Sons* é unha cita musical de referencia no verán galego que, ano tras ano, procura sorprenden aos espectadores. Lonxe de acomodarse, o festival vigués aposta por novas sonoridades, espándese por espazos non explorados aínda, procura a excelencia no xénero satisfacendo ao afeccionado esixente e traballa para chegar a aqueles públicos alleos á etiqueta jazz.

Destaca esta edición 2015, a décimo primeira xa, por ser unha edición moza, reunindo a moitos dos músicos que, xóvenes pero sobradamente preparados, están definindo os roteiros do jazz. Será unha edición con **moito sabor galego** aproveitando a boa colleita e as novidades que a ampla escena jazzeira galega pon a disposición do público. **Carlos López Quinteto** co proxecto “**Letters From København**”, **Miguel Lamas Cuarteto**, **Duology** de **Marcos Pin e Telmo Fernández** protagonizarán os concertos galegos desta edición, que se verá redondeada coa estrea da **Orquestra de Jazz de Galicia** que presenta un primeiro disco marcado polos sons de raíz en *Imaxina Sons*.

Unha edición xoven na que non faltan figuras jazzeiras de prestixio e fama internacional. É o caso de **Marc Ribot** que por primeira vez participa no Festival de Jazz de Vigo *Imaxina Sons*. Será o venres 3 de xullo e para o festival é unha honra contar co compositor e guitarrista americano, colaborador habitual de John Zorn e cuxo primeiro disco de estudio foi *Rain Dogs* de Tom Waits. Hoxe é unha referencia mundial no jazz e a súa figura motivou o documental "Marc Ribot: a corda perdida" (2008). Coa súa vertente máis rock no proxecto Ceramic Dog chega ao festival.

Tampouco se pode dicir que empezase onte a súa carreira a portuguesa María João, encargada este ano de inaugurar *Imaxina Sons* co seu proxecto *Ogre*, unha sorte de experimentación electrónica co jazz, poñendo a proba a increíble voz da cantora lisboeta. Sen ser nin moito menos vello, pero debido a súa precocidade, o saxofonista e compositor suízo **Ohad Talmor** é xa un referente



musical premiado neste 2015 como compositor europeo de jazz do ano pola European Broadcasting Union.

A identidade do Imaxina Sons afiánzase tamén a través dos espazos nos que se desenvolve, cun claro epicentro no **Auditorio Municipal do Concello de Vigo**. E así o **MARCO** volverá ser escenario das propostas arraianas, desafiantes e máis excéntricas do festival cos concertos de **L.A.R. Legido**, **Gil Dionisio** e **Eli Gras** e será sede tamén da Academia de Sons, que propón 5 obradoiros para públicos diversos en horario matutino.

Nada lonxe, na **rúa Londres** concentraranse este ano os concertos da noite do festival explorando un novo territorio para Imaxina Sons. O jazz de Vigo e a súa contorna volverá a tomar rúas e terrazas con "**Jazz fóra de lugar**" en horario vermú (incluíndo **homenaxe aos críticos Javier de Cambra** e **Juan Claudio Cifuentes "Cifu"**, falecidos recentemente e vinculados a *Imaxina Sons* desde os seus inicios) e a traca final do 11º Imaxina Sons terá lugar o sábado 4 de xullo no Contrabajo.

Volvendo á identidade, o programa 2015 Imaxina Sons recolle e reúne todos aqueles trazos que deron carácter único ao festival desde os seus inicios: atención ás figuras consolidadas e aos artistas emerxentes do jazz europeo, escaparate para as novas propostas do jazz en Galicia e na península, concertos ao aire libre que impliquen á cidadanía e apoio aos músicos e clubs da contorna próxima. Imaxina Sons debe entenderse como unha ferramenta cultural, auspiciada desde o ámbito administrativo máis próximo ao cidadán, o municipal, que ten como fin, tamén, vertebrar o espazo urbano como espazo de encontro e celebración da música.



PROGRAMA DE CONCERTOS IMAXINA SONS 2015

VENRES 26 DE XUÑO

Concerto de apertura

21:00 h. Maria João. "Ogre". Auditorio Municipal do Concello de Vigo

SÁBADO 27 DE XUÑO

13:00 h. Jazz fóra de lugar. Dani Font Trío. Detrás do MARCO

21:00 h. Carlos López Quintet. "Letters from København". Auditorio Municipal do Concello de Vigo

DOMINGO 28 DE XUÑO

13:00 h. Jazz fóra de lugar. Tres Tristessen Trío. Praciña de Joaquín Yáñez

LUNS 29 DE XUÑO

11:00 h. Academia de Sons. MARCO

20:30 h. L.A.R. Legido. Salón de actos do MARCO

MARTES 30 DE XUÑO

11:00 h. Academia de Sons. MARCO

20:30 h. Gil Dionísio. Salón de actos do MARCO

MÉRCORES 1 DE XULLO

11:00 h. Academia de Sons. MARCO

20:30 h. Eli Gras. Salón de actos do MARCO

XOVES 2 DE XULLO

11:00 h. Academia de Sons. MARCO

21:00. Ohad Tamor Trio. Auditorio Municipal do Concello de Vigo

23:00 h. Miguel Lamas Cuarteto. Rúa Londres

VENRES 3 DE XULLO

11:00 h. Academia de Sons. MARCO

21:00 h. Marc Ribot. Auditorio Municipal do Concello de Vigo

23:00 h. Chupaconcha. Rúa Londres

SÁBADO 4 DE XULLO

12:00 h. Acto homenaxe a Javier de Cambra e Juan Claudio Cifuentes. Galería Javier Teniente (Rúa Abeleira Menéndez, 13)

13:00 h. Jazz fóra de lugar. Juyma Estévez Trío. Galería Javier Teniente (Rúa Abeleira Menéndez, 13)

21:00 h. Orquestra de Jazz de Galicia. Auditorio Municipal do Concello de Vigo

23:00 h Telmo Fernández e Marcos Pin. "Duology". Rúa Londres

00:30 h. Jazz na noite. Alvaro Vieito 4. Contrabajo (Rúa Venezuela, 82)

11 Festival de Jazz de Vigo
IMAXINASONS
26 xuño / 4 xullo 2015

Venres 26 xuño 2015. Auditorio Municipal do Concello, 21:00 h

Maria João. Ogre



Ogre é un proxecto que mestura jazz, música electrónica e outros sons, liderado pola grande cantora portuguesa Maria João. "Electrodoméstico", o título do disco gravado ao vivo en Coimbra e publicado en 2012 por jazz.pt. Maria João sempre na procura de novos retos e sonoridades, é unha das figuras máis recoñecidas do jazz luso alén dunha das mellores voces do país.

Nacida en Lisboa, Maria Joao empezou a súa carreira musical na escola de jazz Hot Club da cidade. Nos primeiros anos oitenta traballou co seu propio quinteto e fixo televisión. Foi o Festival de Cascais de 1984 o que a sitúa no ámbito jazzístico internacional. No ano 1985 é galardoada no Festival de Jazz de San Sebastian. A finais dos oitenta comencan as colaboracións con músicos como Aki Takase ou Miroslav Vitous. A principios dos anos noventa comenza a duradeira e frutífera colaboración co pianista Mario Laginha. Xuntos participaron na primeira edición de Imaxina Sons en 2005.

Ogre é música fresca e contemporánea, con composicións propias e adaptacións jazz e pop rock. Sen barreiras, sen prexuízos. Iso si, a voz de Maria Joao, coma sempre, sobrenatural.

www.mariajoao.org



Sábado 27 xuño 2015. Auditorio Municipal do Concello, 21:00 h

Carlos López Quinteto. Letters From København



Carlos López (A Coruña, 1979) é un dos músicos máis destacados do jazz peninsular. O seu último proxecto "Letters from København" é o primeiro dunha triloxía de discos realizada en diferentes capitales europeas, que arranca na cidade dinamarquesa. En 2014 a carreira do baterista e compositor galego toma un novo rumbo, ao ser seleccionado como un dos músicos integrantes do prestixioso Master de Jazz Europeo EUJAM. Neste tempo, tivo a oportunidade de levar a súa música por cidades como Copenhague, Berlín e Amsterdam. Como froito desta experiencia, nacen tres novos traballos discográficos nos que Carlos López volve ao jazz mais acústico. Nesta ocasión, teremos a oportunidade de escoitar a primeira entrega desta triloxía, composta e gravada en Copenhague con músicos nórdicos e galegos.

Carlos López colaborou como intérprete xunto a músicos como Gilberto Gil, Benny Green, Bob Mover, Bred Wilmore, Perico Sambeat, Albert Sanz, Raynald Colom e Abe Rábade, entre outros. Ademais de dedicarse á docencia, durante anos creou e coordinou as jam sessions do Filloa Club da Coruña e actualmente é o director artístico do ciclo 1906 de jazz.

Voro García, trompeta
Sampo Kasurinen, saxo tenor e soprano
Joel Illerhag, contrabaixo
Xan Campos, piano
Carlos López, batería
www.carloslopez.info

11 Festival de Jazz de Vigo
IMAXINASONS
26 xuño / 4 xullo 2015

Luns 29 xuño 2015. MARCO, 20:30 h

L.A.R. Legido



Sempre sorprendente na súa procura de son, L.A.R. Legido (Castromonte, 1975) trae a Imaxina Sons a súa combinación de batería e formigoneira. Baterista, investigador sonoro, performer, L.A.R. Legido é un dos referentes de improvisación libre, non só en Galicia, senón en toda a península. Integrante de Sumrrá, grupo clave no panorama jazzístico de Galicia na última década, o batería focaliza o seu traballo na improvisación, movemento do que foi pioneiro no país onde en 1999 funda o grupo Parto, ao que seguiría a invención sonora do Aquófono (ao redor da auga e son continua a investigar hoxendia) e proxectos tan relevantes como a Orquesta de Música Espontánea de Galicia (O.M.E.G.A.).

No campo da docencia, L.A.R. Legido é profesor de batería, expresión rítmica e improvisación na Estudio Escola de Música de Santiago de Compostela, cidade na que reside. Ao longo da súa carreira abordou diversos estilos musicais, da improvisación libre ao jazz, do folk ao flamenco. Participou en festivais de todo o mundo e, entre as súas obras máis performáticas, destaca o seu concerto-performance Tractor e Batería e a Ópera-Free de Peto "La Bámola Malata".

<http://larlegido.jimdo.com/>



Martes 30 xuño 2015. MARCO, 20:30 h

Gil Dionísio



"Sobre as cantigas que non son cancións, soan as historias dun jazz que tamém podería ser jess ou zazz. Xorden os experimentalismos e as obsesións sobre as sílabas que o son non necesita dicir, recortes dun vocabulario que teima en non quedar estancado: as confesións dun improvisador sen terra, da linguaxe sen nexo, anexo libre de censura, a vibración posible e o tremor necesario, é a palabra e a falta dela. Os rituais de sentir o chan que se estende polo tempo, de pel esquiva, a poética deformada de procurar sen o medo de errar.

A improvisación é un traballo constante, ritual regular, e é o corpo, o violín e a voz, as liñas polas que se van tecendo os tempos e as marcas do ollar creador de Gil Dionísio, en moldes varios: do noise à improvisación libre, do teatro à danza, do jazz à música abstracta, ao traballo coa infancia, dos cantos aos engados da cantiga. Fundíndose todos estes nomes complexos, en solos á descuberta, de si e do outro, onde predomina un jazz con varios outros nomes, con tantas outras caras. Pero todos eles parte da mesma historia.


Cun tour recente en Xapón, e cun traballo que comeza a xordir un pouco por toda Europa, Dionísio, que fai en 2013 parte dos "In Loko" de Carlos Barretto, inscribese nunha nova forte xeración de criativos e artistas que non temen ollar para dentro para percibir mellor o mundo que os rodea. Unha xeración sen necesidade de nacionalidades, pero consciente de si e do seu lugar, dunha guerrilla-lírica, dunha destemida vangarda que é alén de estética, é dunha provocación sen vicios, é emocional: Creadores para corpos que senten. E é común, atopar con Gil Dionísio artistas como a violoncelista Joana Guerra, Edgar Valente de "Criatura", os cósmicos "Pas de probleme" ou a muller-tornado, actriz e cantora, Sara Ribeiro, con quen traballou nas máis variadas fronteiras, no son do teatro, na música para o corpo, nos corpos que fan son en todas as súas posibles aparicións e formas performativas."

Gil Dionísio, violín



Mércores 1 xullo 2015. MARCO, 20:30 h

Eli Gras



Artista multidisciplinar, Eli Gras inicia a súa traxectoria na música experimental a principios dos oitenta. Publicou os albums “Baranda”, “Duplicat” (xunto a Pelayo Arrizabalaga), “Polo” e “El Avión”, (con Motor Combo), en Dude Tapes e Espais Netlabel (es) (Obmuz), así como en diversas colaboracións e compilacións publicando en selos como Ego Twister (fr), Classwar Karaoke (uk) ou Monster K7 (fr) preparando edición para Gagarin (de)... e participando no documental “Visionary Sounds” (Pablo López Jordán).

Musicalmente percorreu un ecléctico abano de xéneros que van desde o noise, electro-pop, música grega, minimalismo, folk, coral ou electroacústica, aínda que sempre centrando a súa actividade na improvisación libre e a arte sonora. Tocou en moreas de festivais e salas europeas (Worldtronics, Experimentaclub, Blurred Edges, Sonar...), expuxo as súas obras en diferentes centros artísticos (Drap-Art, CCCB) así como realiza obradoiros e charlas.

Luthier experimental, creou as instalacións-concerto “Saló Sonor” e “Peeled Piano” traballando a reciclaxe creativa e tocado cunha morea de artistas, entre eles Pierre Bastien, Nuno Rebelo, Pelayo Arrizabalaga, David Fenech ou Alain Wergifosse. En paralelo desenvolve a súa faceta dadá-pop tanto co dúo Motor Combo como en solitario, realizando concertos nos que se mestura humor, surrealismo, folk e electropop. Alén da súa actividade musical, traballou en diversos campos da creación como a escrita, o deseño, cine de animación, vídeo ou efectos especiais, ademais de na produción de eventos ou comunicación. É fundadora e directora do Festival NoNoLogic e do selo La Olla Express.

<http://eligras.com/>



Xoves 2 de xullo 2015. Auditorio Municipal do Concello, 21:00 h

Ohad Talmor Trio



Criado en Suíza, nacido en Israel e formado durante anos na escena neiorquina, Ohad Talmor compón para dúas linguaxes: jazz e clásica. De feito, formou parte da Orquestra Nacional de Portugal e da Sinfónica de São Paulo e a crítica considera no seu traballo a vontade de construír pontes entre clásica e jazz. Unha das súas últimas composicións é Concerto para Piano/Batería e orquestras dobres, estreada en 2010 polo Orquestra Nacional do Porto, a OJM Big Band e Jason Moran e Dan Weiss como solistas convidados.

As súas primeiras incursións na música tiveron lugar a través do piano, antes de decantarse polo instrumento que hoxe lle dá recoñecemento internacional: o saxo. Ademais da formación de trío, Ohad Talmor toca regularmente nun proxecto propio, Newsreel, unha formación flexible na que colaboran algúns dos músicos máis creativos da escena de Nova York como Dan Weiss, Miles Okazaki ou Jacob Sacks. Tamén colabora habitualmente con Jason Moran, Dave Douglas, Josh Redman, Carla Bley e Joe Lovano, entre outros.

Miles Okazaki, guitarra
Dan Weiss, batería
Ohad Talmor, saxo

www.ohadtalmor.com/

11 Festival de Jazz de Vigo
IMAXINASONS
26 xuño / 4 xullo 2015

Xoves 2 xullo 2015. Rúa Londres, 23:00 h

Miguel Lamas Cuarteto



Natural de Fene, pero afincado en Madrid, o xoven batería Miguel Lamas fará unha parada en Vigo para presentar o seu primeiro e recente traballo discográfico, gravado ao longo do primeiro trimestre de 2015. Da ampla lista de músicos que forman parte da súa primeira incursión como líder de banda, escolleu para este festival un formato de cuarteto integrado por tres colaboradores habituais: Pablo Añón ao saxo, Octavio Vargas ao baixo eléctrico e Iago Mouriño ao teclado.

Xira como músico profesional con artistas moi populares por todo o mundo e conta co patrocinio de marcas internacionais ao tempo que mantén a súa conexión co jazz con varios proxectos.

Pablo Añón, saxo
Octavio Vargas, baixo eléctrico
Iago Mouriño, teclado
Miguel Lamas, batería
www.miguel-lamas.com



Venres 3 xullo 2015. Auditorio Municipal do Concello, 21:00 h

Marc Ribot. Ceramic Dog



Hai xusto 30 anos que a revista Rolling Stone consideraba que Tom Waits acompañado do guitarrista Marc Ribot (Newark, New Jersey, 1954) estaban a cambiar o rumbo da música americana co disco Rain Dogs. Trinta anos despois, Marc Ribot é un dos guitarristas máis cotizados do planeta que se achega a Imaxina Sons cun dos seus proxectos máis entolecidos: Ceramic Dog. Un trío de alta potencia co que, segundo el mesmo afirma, cumpre o desexo de ter unha verdadeira banda de rock, que non dubida en, ademais de desenvolver composicións propias, achegarse a The Doors ou a clásico do jazz como "Take 5" de Dave Brubeck. Burlando as convencións, como é habitual en Marc Ribot, sideman de artistas como John Zorn, Elvis Costello ou Caetano Veloso.

Chega a Vigo Marc Ribot nun trío que completan Shazad Ismaily, o músico paquistaní habitual de Lou Reed, Yoko Ono ou Tom Waits entre moitísimos outros, e Ches Smith, percusionista colaborador de figuras do jazz e da improvisación como Fred Frith e parte activa de moitas bandas como a experimental californiana Mr.Bungle. Ceramic Dog formou parte a finais de maio do cartel do Festival Primavera Sound e será, sen dúbida, un dos pratos fortes deste undécimo Imaxina Sons.

Marc Ribot, guitarras, voz e baixo ocasional
Shahzad Ismaily, baixo, Moog e electrónica
Ches Smith, batería e electrónica
<http://marcribot.com/>



Venres 3 xullo 2015. Rúa Londres, 23:00 h
ChUPACONChA



A música de ChUPACONChA é unha combinación de funk, rock, dance, psicodelia, música étnica e espírito jazz. Nos seus directos Juice e Jordan posiciónanse un fronte ao outro e sampleando unha morea de frases e ritmos crean un sólido groove que despois cabalغان cunha atitude xenuína e hipnótica. Improvisando e interactuando co público seguen estruturas que cambian en cada concerto nunha verdadeira viaxe sonora e experiencia colectiva. ChUPACONChA é un duo formado por Juice (trompeta e teclados) e Jordan (batería).

A banda fórmase en 2007 cando Giuliano Gius Cobelli e Giorgio Fausto Menossi se reunen en Barcelona despois de colaborar en Italia. Tras un par de anos de experimentacións e concertos, en 2011 proclaman o “Annus Cochae” e levan o espectáculo de ChUPACONChA en Festival LEM, Monkey Week, Festival Jazz de Lugo, Mercat de Música Viva de Vic, 21 Grados de Sevilla, SMIC Festival, Curtarock, Studioroulotte, Onirica festival e varios clubs nun cento de concertos por España e Italia.

“Chupaconcha, un dúo de hypnofunk, un raro cruce entre free jazz, psicodelia, funk y progresivo. ¿Cómo pueden integrarse tantas influencias en solo dos personas? Sencillo. Hay que tener un baterista magnífico que es capaz de ejecutar cualquier ritmo sin dudar ni un segundo, preciso y con una fuerza devastadora, junto a un trompetista que hace uso de más de diez pedales para conseguir todo tipo de efectos, loops y todo lo que se pueda imaginar.” (Alex Ruiz, Music Live Madrid).

Juice, trompeta e teclados
Jordan, batería
www.chupaconcha.com

11 Festival de Jazz de Vigo

IMAXINASONS

26 xuño / 4 xullo 2015

Sábado 4 xullo 2015. Auditorio Municipal do Concello, 21:00 h

Orquestra de Jazz de Galicia



Faramontaos (Nogueira de Ramuín), 27 de novembro de 1952. O etnomusicólogo estadounidense Alan Lomax rexistra nunha pequena vila de Ourense o son do chifre de José María Rodríguez, capador de porcos natural de San Miguel de Campos (Nogueira de Ramuín). Esta gravación será incluída na compilación de música española publicada en 1955 baixo o título "Columbia World Library of Folk & Primitive Music" tal e como Alan Lomax escribiría nunha carta a José María Rodríguez en 1953: "Decidín poñer a túa música de primeira. Será a que encabece o traballo porque é realmente fermosa". Manhattan (New York City), 10 de marzo de 1960.

Dous dos xenios máis grandes da historia do jazz realizan un rexistro histórico para o selo Columbia no mítico "CBS 30th Street Studio": "The Pan Piper" (Sketches of Spain, 1960). Suporá a primeira aproximación do mundo do jazz ao repertorio tradicional de Galicia baixo o particular prisma de Gil Evans, nun arranxo para Miles Davis como trompeta solista interpretando a melodía do chifre do capador ourensán sobre unha orquestra de vinte músicos na que participan lendas como o baixista Paul Chambers, o baterista Jimmy Cobb con Elvin Jones á percusión entre outros.

A Orquestra de Jazz de Galicia reúne a algúns dos máis importantes músicos de Galicia no ámbito do jazz, a música sinfónica e a música tradicional co cometido de explorar o diálogo posible entre a música tradicional de Galicia e a música improvisada contemporánea. Roberto Somoza e Pedro Lamas son os encargados dos arranxos e a orquestración dunha escolma de melodías que reflicten a profundidade da música tradicional de Galicia a partir de diferentes traballos de campo. O toque do chifre de Faramontaos ("The pan piper") será interpretado novamente en Galicia 55 anos despois do rexistro de Miles Davis e Gil Evans pola Orquestra de Jazz de Galicia coa participación de numerosos convidados especiais nun concerto histórico.

Zanfona: Anxo Pintos
Gaita, saxo Soprano e barítono: Pedro Lamas
Flautas: Adrián Silva
Saxo alto: Pablo Añón
Saxo tenor: Toño Otero
Fagot: Steve Harriswangler
Clarinete Baixo e clarinete: Xocas Meijide
Trompeta 1: Nicolau Rodríguez
Trompeta 2: Javier Pereiro
Trompeta 3: José Somoza
Trompa: Alfredo Varela
Trombón 1: Carlos Figueira

Trombón 2: José Luis Miranda
Trombón Baixo: Faustino Núñez
Tuba: Ignacio López
Teclado: Sergio Delgado
Vibráfono: Ton Risco
Piano: Jacobo de Miguel
Guitarra: Carlos Calviño
Contrabaixo: Alfonso Morán
Percusións: Xosé Lois Romero
Batería: Aleix Tobías
Dirección: Roberto Somoza



Sábado 4 xullo 2015. Rúa Londres, 23:00 h

Telmo Fernández e Marcos Pin. Duology



Titulado “Take a second”, este traballo é a segunda estación na odisea do guitarrista Marcos Pin dedicada á arte do dueto jazzístico, Duology. Marcos Pin conversa de guitarra a guitarra co lucense Telmo Fernández, un todoterreo que frecuentou con fervor a sempre excitante compañía do órgano hammond con músicos do calibre de Phil Wilkinson e Brian Charette.

O resultado é unha peza de cabeceira para calquera melómano que se precie, e un obxecto de estudo para quen estea inmerso na aprendizaxe da guitarra. Ademais dunha exquisita produción de son, que reproduce con claridade cristalina cada matiz das interpretacións de ambos, atoparán aquí dúas voces con diferentes timbres e distintas formas de expresión, unha incisiva, desequilibrante e exploradora, e outra rochosa, sobria e cálida.

Pero tamén descubrirán que, malia compartir os seus instrumentos o mesmo rango harmónico, os seus discursos entrelázanse con naturalidade nesta fascinantes conversación porque os nosos protagonistas dominan a mesma linguaxe: o jazz. Porque Duology é, por riba de todo, intercambio, comunicación...diálogo.

Marcos Pin, guitarra
Telmo Fernández, guitarra
www.marcospin.com



Acto homenaxe Javier de Cambra e Juan Claudio Cifuentes + concerto

Sábado 4 xullo 2015, *Galería Javier Teniente*, 12:00 h



Habituais de Imaxina Sons, nun pouco máis dun ano faleceron os críticos de jazz Javier de Cambra e Juan Claudio "Cifuentes". Nesta undécima edición, o festival quere lembralos cunha tertulia na que participarán Lara López, ex directora de Radio 3, Pachi Tapiz, director de Tomajazz, e Rui Eduardo Paes, crítico de Portugal, escritor e programador, coa presentación do director do festival, Nani García.

Jazz Fóra de Lugar

Sábado 27 de xuño

13:00 h. Jazz fóra de lugar. Dani Font Trío. *Detrás do MARCO (Rúa Londres)*

Alex Touceda, contrabaixo
David Puime, batería
Dani Font, Guitarra

Domingo 28 de xuño

13:00 h. Jazz fóra de lugar. Tres Tristessen Trío. *Praciña de Joaquín Yáñez*

Toño Otero, saxo
Juansy Santomé, contrabaixo
Javier Barral, batería

Sábado 4 de xullo

13:00 h. Jazz fóra de lugar. Juyma Estévez Trío. *Galería Javier Teniente (Rúa Abeleira Menéndez, 13)*

Juan Manuel Estévez, contrabaixo
Max Gómez, batería
Alberto Vilas, piano

Jazz na noite

Sábado 4 xullo 2015. 00:30h.

Contrabajo *(Rúa Venezuela, 82),*
Álvaro Vieito 4

Álvaro Vieito, guitarra
Pablo Castaño, saxo alto
Álex Salgueiro, órgano
Max Gómez, batería



Academia de Sons



No terceiro ano de Academia de Sons, o 11º Festival de Jazz de Vigo Imaxina Sons afonda, por unha banda, na vertente formativa e, por outra, na procura de novos públicos. No MARCO concéntrase unha semana de actividades nas que divertirse, aprender, construír e relacionarse. Un convite á interacción entre xeracións convidando a pequenos e maiores a experimentar ao redor da música e do jazz. As prazas son limitadas, así que podes inscribirte a partir do 22 de xuño no teléfono 010.

Luns 29 xuño. 11:00h

Obradoiro con L.A.R. Legido
"Improvisando"

Límite de prazas: 15

Recomendado a partir de 14 anos,
estudantes e músicos.

Martes 30 xuño. 11:00h

Obradoiro con Eli Gras
"Sonobotánica. As plantas tamén soan"

Límite de prazas: 20

A partir de 9 anos. Nenas, nenos
acompañados de adultos.

Mércoles 1 xullo. 11:00h

Obradoiro Stop Motion con Illa Bufarda
"Jazz de plastilina. Animación dun
videoclip"

Límite de prazas: 20

A partir de 9 anos

Xoves 2 xullo. 11:00h

Obradoiro con Cé Orquestra Pantasma
"Aprendices de mulleres e homes
orquestra"

Límite de prazas: 30

A partir de 6 anos

Venres 3 xullo. 11h.

Obradoiro con Mateo Mena
"Construción de instrumentos electrónicos"

Límite de prazas: 20

A partir de 8 anos. Recomendado para
nenas, nenos e adultos.

CONCELLO
DE VIGO



11 Festival de Jazz de Vigo
IMAXINASONS

26 xuño / 4 xullo 2015

www.imaxinsons.com


www.vigocultura.org



Servizo de Atención Cidadada

 **Ataquilla.com**

902 504 500



Vivimos nunha cidade fermosa